

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2024/6

DATA: xoves 25 de abril de 2024

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 23:04 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA ACCIDENTAL: VANESSA REBOREDO FRAGA, que redacta esta acta.

INTERVENTORA: PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
ANTONIO ISORNA VICENTE
RAMON VICENTE VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
MARIA ELENA ABUIN CAROU
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE
PSdeG-PSOE
MARIA ELENA OTERO OTERO
OSCAR RIAL LAGO
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO incorporase ás 20:45 h.
TAMARA GARCIA MUÑIZ
Rianxo en Común
JULIO ALCALDE HERMO
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO
JOSE ALBERTO ANGUEIRA GOMEZ

AUSENTES

BNG
SARELA BETANZOS FREIRE
PSdeG-PSOE
MARIA ELENA OTERO OTERO
Rianxo en Común
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 5/2024 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 04/04/2024
2. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 280/2024 DE 25/03/2024:
APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOIRO,
RIANXO E POBRA DO CARAMIÑAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE
EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHERO DO SISTEMA NACIONAL DE
GARANTÍA XUVENIL DENOMINADO: XUVENTUDE I
3. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
4. MOCIÓN DE REXEITAMENTO DO CONCELLO DE RIANXO AO PROXECTO DE INDUSTRIA
TÉXTIL A BASE DE CELULOSA QUE SE PRETENDE INSTALAR NO CONCELLO DE PALAS DE
REI
5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE DO PASEO
MARÍTIMO DE RIANXO
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: BONIFICACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO
PARA MAIORES DE 65 ANOS OU PERSOAS XUBILADAS
7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: CREACIÓN DUN PACTO LOCAL NO COMERCIO
8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE O MAR FEITO TRADICIÓN: REVITALIZACIÓN DA
IDENTIDADE MARÍTIMA EN RIANXO
9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR: ESTADO DAS FONTES DO PARQUE GALICIA
11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP: ESTADO DAS ENTRADAS PEONÍS Ó COLEXIO ANA
MARÍA DIEGUEZ DA ASADOS
12. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

9a6e3300a7804de7f09f56e1e444eb36d3d8add1f58ad2a0e7cb0211c8731335

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=O-05EoSo0_c

ACORDOS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTA Nº 5/2024 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 04/04/2024

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 5/2024 de 04/04/2024.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 04/04/2024, Acta nº 5/2024.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

2 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 280/2024 DE 25/03/2024, RECTIFICADA POLA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 368/2024 DE 24/04/2024: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOIRO, RIANXO E POBRA DO CARAMIÑAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHERO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTIA XUVENIL DENOMINADO: XUVENTUDE I

Ditaminada na COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/04/2024 a Resolución da Alcaldía nº 280/2024, e rectificada esta pola Resolución da alcaldía número 368/2024 que se transcribe a continuación:

PRIMEIRO.- Visto que con data 25.03.2024, ditase a Resolución de alcaldía número 280/2024 que a continuación se transcribe:

“Decreto de aprobación do Convenio de colaboración entre os Concellos de Boiro, Rianxo e Pobra do Caramiñal para o desenvolvemento do programa de emprego para persoas mozas incluídas no

ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil denominado "XUVENTUDE I"

ANTECEDENTES

Considerando a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR353B), publicada no DOGA de data de 23 de febreiro de 2024, nº 39.

Considerando o artigo 3.1 da Orde onde se establecen como entidades beneficiarias das devanditas subvencións ás entidades locais.

Considerando indispensable e de máxima urxencia prestar a aprobación da solicitude da subvención do programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I", posto que o prazo remata o 25 de marzo de 2024 antes da vindeira Xunta de Goberno Local, e tendo en conta as competencias atribuídas ao alcalde no artigo 21.1.s da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Considerando que, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o alcalde podería avogar para sí as competencias delegadas atendendo á urxencia de este trámite.

Considerando de interese para o Concello de Rianxo a aprobación do presente convenio con urxencia para poder cumprir os prazos da convocatoria do programa, e sendo competente, tal e como se indicou anteriormente o pleno para a encomenda da xestión, e estimándose preciso acelerar o proceso para a solicitude da correspondente subvención.

Tendo en conta que existe dispoñibilidade orzamentaria para asumir a achega municipal correspondente a este concello.

Á vista do exposto, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 4 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 10 da Lei 40/2015, RESOLVO:

PRIMEIRO

Avogar en relación á aprobación da solicitude da subvención do programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I", dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal; competencia delegada na Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO

Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a execución do programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I" dos Concellos de Boiro, Rianxo

e A Pobra do Caramiñal, cun orzamento de 415.424,65€, solicitando unha axuda de 409.624,65€ para a realización programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I", dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, e unhas achegas municipais por importe de 5.800,00€, dos cales serán asumidos 2.800,00€ polo Concello de Boiro, 1.500,00€ polo Concello de Rianxo e 1.500,00€ polo Concello de A Pobra do Caramiñal; coas seguintes características:

-Duración do programa: 12 meses

-Ámbito de actuación: O Barbanza (Concellos de Boiro,A Pobra do Caramiñal, Rianxo). Actuarase sobre instalacións de propiedade municipal nas que se realizan actividades de interese público coa finalidade de formar a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil.

-Nº de persoas que se vai a atender: 15 persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil.

-Distribución por concellos das persoas participantes:

CONCELLO DE BOIRO	CONCELLO DE RIANXO	CONCELLO DE A POBRA
7	4	4

-Orzamento: 415.424,65€

-Subvención solicitada: 409.624,65€

-Cofinanciamento dos Concellos: 5.800,00 €

TERCEIRO

Aprobar o proxecto presentado polos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal para o programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I" recollido na memoria explicativa (anexo III).

CUARTO

Aprobar o convenio de colaboración suscrito entre os Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal para o programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I" e aceptar o nomeamento de don José Ramón Romero García como representante legal para todos os efectos oportunos relacionados co convenio en cuestión. O contido do convenio é que segue literalmente:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOIRO, RIANXO E A POBRA DO CARAMIÑAL PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL "XUVENTUDE I"

ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema

nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR332B).

REUNIDOS:

Os alcaldes:

Doutra parte: Don José Ramón Romero García, con DNI nº 33285513M, Alcalde do Concello de Boiro (CIF P1501100) que actúa en nome de esta entidade.

Dunha parte: Don Julián Bustelo Abuín, con DNI nº 53795465Y, Alcalde do Concello de Rianxo (CIF. P1507300) que actúa en nome de esta entidade.

Dunha parte: Don José Carlos Vidal Suárez, con DNI nº 33237427N, Alcalde do Concello de A Pobra do Caramiñal (CIF P1506800) que actúa en nome de esta entidade.

Todos actúan en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 61 da lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

• Que o actual escenario financeiro e a situación socio-laboral dos concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal precisa buscar solucións ao desemprego e ás necesidades formativas do mercado de traballo, especialmente cando se trata do colectivo pertencente e inscrito no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil

1 Que os concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades, nos termos establecidos nas leis 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, establecendo esta última que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade dos veciños.

3. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición como de funcionamento e xestión, que provoca que, en ocasións, a implantación ou o mantemento dos servizos resulte antieconómico ou excesivamente oneroso para a entidade, sendo necesario arbitrar medios para rebaixar esa gravosidade.

4. Que, entre os medios que se poden establecer para poder prestar aos veciños actividades ou servizos que se consideren imprescindibles ou necesarios para mellora nas relacións veciñais destaca a colaboración entre administracións coa fin de poñer en común recursos para ofrecer, igualmente en

común, aqueles servizos e actividades. Máis concretamente, a colaboración pode arbitrarse a través do asociacionismo municipal para solicitar subvencións de cara á xestión de servizos compartidos que permitan prestarlle os servizos á cidadanía en condicións de igualdade.

O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos, ou inserirse nos mesmos con carácter previo vinculante ou non á resolución que lles poña fin.

Os citados instrumentos deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes intervinientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, e o prazo de vixencia, debendo publicarse ou non segundo a súa natureza e as persoas ás que estiveran destinadas.

Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.

5. Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten convocada a ORDE o 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR332B), podendo ser beneficiarios os os concellos limítrofes ou que pertencen á mesma comarca aínda que non sexan limítrofes, ou que concorran de forma conveniada sen que neste caso lle resulte esixible un número mínimo de persoas desempregadas.

6. Que cada solicitante debe cumprir os requisitos esixidos pola Consellería de Emprego e Igualdade nas bases reguladoras da subvención: ORDE o 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR332B).

7. Que os medios necesarios para que cada un dos concellos asinantes realicen por si sos a actuacións do programa, dende o inicio da solicitude, na posterior xestión do programa, e ata a súa finalización, resultan antieconómicos e moi gravosos para os intereses dos mesmos, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios, cando se pretende acadar mesma fin, polo que resulta

máis eficiente empregar un servizo común.

8. Que os concellos asinantes pretenden acadar a mesma fin, que é a de executar a actuación descrita na Orde. Por iso, en aras dunha maior eficacia administrativa e en aplicación dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan desenvolver a actuación conxunta de posta en práctica do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I".

9. Que os concellos asinantes formalizan o presente convenio para compartir a posta en práctica do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I" ao abeiro da Orde anterior, e cara a facilitar unha posible e real xestión deste servizo municipal que acade unha economía de escala e posibilite o posterior mantemento do servizo.

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar a fin proposta, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.- Os concellos asinantes acordan presentar un programa conxunto para compartir o servizo "programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I" coa fin de solicitar financiamento á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e establecer o réxime de organización e funcionamento asociado.

Segunda.- Obxectivos.- A prestación asociada do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I", baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración e ten como obxectivo principal de formar a persoas mozas de dezoito ou máis anos que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente no Sistema nacional de garantía xuvenil e mellorar a ocupabilidade das persoas participantes mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese social e xeral.

Terceira.- Ámbito de aplicación.- O ámbito territorial é a totalidade dos termos municipais de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, sendo o dos concellos conveniados para o desenvolvemento do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I".

Cuarta.- Sede do servizo.- A sede situarase no concello de Boiro, no Centro de Formación e Viveiro de Empresas do Concello de Boiro, sito no Polígono Industrial de Espiñeira (Boiro).

Quinta.- Representación do servizo.- Os concellos colaboradores designan como representante legal a D. José Ramón Romero García, Alcalde do Concello de Boiro, para os efectos oportunos en relación con este convenio, tales como presentar solicitudes, xustificar a subvención, etc.

Sexta.- Xestión administrativa do servizo.- A xestión administrativa será desenvolvida polo Concello de Boiro en todo o relacionado co persoal, coa contratación administrativa, xestión de axudas, xestión

ordinaria etc., sen que isto supoña menoscabo de competencias de cada concello.

Sétima.- Financiamento do servizo.- O proxecto será realizado mediante a seguinte vía de financiamento:

- Solicitud de subvención de 409.624,65 € de importe máximo establecido pola subvención regulada na ORDE o 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR332B).

- Realización das seguintes achegas municipais para afrontar diversos custos derivados do desenvolvemento da actividade para a que se solicita a subvención:

-Aportación Concello de Boiro: 2.800,00€

-Aportación Concello de Rianxo: 1.500,00€

-Aportación Concello de A pobra do Caramiñal: 1.500,00€

Oitava.- Medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo- Os concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal poñerán os medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo dos que dispoñan para levar a cabo o programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil

Novena.- Organización do servizo.- Buscarase que as actuacións se desenvolvan en instalacións dos tres concellos participantes, tendo en conta as particularidades do programa, e requisitos esixibles para proceder á impartición da formación . Poñeranse a disposición do programa locais para un traballo máis próximo e estreito coas participantes.

As obras e servizos obxeto desta subvención desenvolveranse segundo os locais de titularidade municipal indicados no punto 4 do anexo III Memoria, na cal se desenvolve o proxecto segundo se correspondan cos contidos formativos indicados no plan.

Para o reparto de prazas do alumnado participante establécese o seguinte:

-Concello de Boiro: 7 alumnos/as.

-Concello de Rianxo: 4 alumnos/as.

-Concello de A Pobra do Caramiñal: 4 alumnos/as.

Décima.- Vixencia.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o remate do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I" unha vez se entenda concedida a subvención para a súa execución.

Non se prevé a súa prorrogación.

Décimo primeira.- Resolución.- Será motivo de resolución calquera das seguintes causas:

- *O incumprimento total ou parcial das cláusulas ou a alteración esencial do seu contido.*
- *O transcurso do prazo máximo de vixencia*
- *O mutuo acordo entre as partes.*
- *A extinción ou non concesión da axuda para o programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I". Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.*

Décimo segunda.- Natureza Administrativa.- Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose, para os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

Décimo terceira.-Xurisdición competente.- A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a súa natureza administrativa. Porén, as partes comprométense prioritariamente a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir ao executar o presente convenio.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio.

Boiro, asinado dixitalmente

<i>O Alcalde de Boiro</i> <i>José Ramón Romero García</i>	<i>O Alcalde de Rianxo</i> <i>Julián Bustelo Abuín</i>	<i>O alcalde de A Pobra do Caramiñal</i> <i>José Carlos Vidal Suárez</i>
--	---	---

"

QUINTO

Aceptar o nomeamento de a D. José Ramón Romero García, alcalde do Concello de Boiro, con representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria correspondan á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ante a Consellería de promoción do Emprego e Igualdade.

SEXTO

Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+

Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR353B), publicada no DOGA de data de 23 de febreiro de 2024, n° 39.

SÉTIMO

Nomear a don José Ramón Romero García, alcalde do Concello de Boiro para todos os actos relacionados coa presente solicitude.

OITAVO

Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación á vista do prazo de solicitude da axuda estimase necesario aprobar dito convenio por resolución sendo competencia do pleno a encomenda da xestión."

SEGUNDO.- Visto o documento de retención de crédito obrante no expediente de data 15/04/2024

TERCEIRO.- Visto o informe de intervención de data 15/04/2024,

CUARTO.- Visto o decreto número 338/2024 de data 15/04/2024, polo que se acorda "Resolver o informe de Intervención OFI 02/2024 no sentido de continuar coa tramitación do expediente"

QUINTO.- Visto o decreto número 368/2024 polo que procede á rectificación dun erro material producido na resolución de alcaldía número 280/2024 de data 25/03/2024, e que a continuación se transcribe:

"DECRETO DA ALCALDÍA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL PRODUCIDO EN RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA N° 280/2024 DE DATA DE 25/03/2024, DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (FORMACIÓN E APRENDIZAXE) NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EXP.1276/202_XUVENTUDE I

Primeiro.- Visto que por Decreto de alcaldía número 280/2024 de 25/03/2024, se procedeu a solicitar unha subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a execución do programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I" dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal,

Segundo.- Advertido un erro material no resollo 2º de dito decreto, pois onde consta: "Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a execución do programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I" dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, cun orzamento de 415.424,65€, solicitando unha axuda de 409.624,65€ para a realización programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I", dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, e unhas achegas municipais por importe de 5.800,00€, dos cales serán asumidos 2.800,00€ polo Concello de Boiro, 1.500,00€ polo Concello de Rianxo e 1.500,00€ polo Concello de A Pobra do Caramiñal; coas seguintes características..."

-Duración do programa: 12 meses

-Ámbito de actuación: O Barbanza (Concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo). Actuarase sobre instalacións de propiedade municipal nas que se realizan actividades de interese público coa finalidade de formar a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil.

-Nº de persoas que se vai a atender: 15 persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil.

-Distribución por concellos das persoas participantes:

CONCELLO DE BOIRO	CONCELLO DE RIANXO	CONCELLO DA POBRA
7	4	4

-Orzamento: 415.424,65€

-Subvención solicitada: 409.624,65€

-Cofinanciamento dos Concellos: 5.800,00 €"

Debe constar: "Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a execución do programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I" dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, cun orzamento de 414.013,30€, solicitando unha axuda de 408.213,30€ para a realización programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I", dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, e unhas achegas municipais por importe de 5.800,00€, dos cales serán asumidos 2.800,00€ polo Concello de Boiro, 1.500,00€ polo Concello de Rianxo e 1.500,00€ polo Concello da Pobra do Caramiñal; coas seguintes características:

-Duración do programa: 12 meses

-Ámbito de actuación: O Barbanza (Concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo). Actuarase sobre instalacións de propiedade municipal nas que se realizan actividades de interese público coa finalidade de formar a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil.

-Nº de persoas que se vai a atender: 15 persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil.

-Distribución por concellos das persoas participantes:

CONCELLO DE BOIRO	CONCELLO DE RIANXO	CONCELLO DA POBRA
7	4	4

-Orzamento: 414.013,30€

-Subvención solicitada: 408.213,30€

-Cofinanciamento dos Concellos: 5.800,00 €'''.

Terceiro.- Advertido asimesmo un erro material na cláusula 7ª do Convenio, cuxo texto se aproba no resolvo 4º do citado decreto, pois onde consta: "- Solicitud de subvención de 409.624,65 € de importe máximo establecido pola subvención regulada na ORDE o 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR332B).

- Realización das seguintes achegas municipais para afrontar diversos custos derivados do desenvolvemento da actividade para a que se solicita a subvención:

-Aportación Concello de Boiro: 2.800,00€

-Aportación Concello de Rianxo: 1.500,00€

-Aportación Concello de A pobra do Caramiñal: 1.500,00€''

Debe constar: "Solicitud de subvención de 408.213,30€ € de importe máximo establecido pola subvención regulada na ORDE o 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR332B).

- Realización das seguintes achegas municipais para afrontar diversos custos derivados do desenvolvemento da actividade para a que se solicita a subvención:

-Aportación Concello de Boiro: 2.800,00€

-Aportación Concello de Rianxo: 1.500,00€

-Aportación Concello da Pobra do Caramiñal: 1.500,00€ ''''.

De conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 39/2015 de 1 de outubro pola que se aproba o procedemento administrativo común das Administracións Públicas que establece que "2. As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia

dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

E considerando que o órgano que ditou a citada resolución é quen debe proceder á súa corrección.

Por todo o exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO: Rectificar a Decreto de alcaldía número 280/2024 de 25/03/2024, quedando redactado nos seguintes termos:

Decreto de aprobación do Convenio de colaboración entre os Concellos de Boiro, Rianxo e Pobra do Caramiñal para o desenvolvemento do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil denominado “XUVENTUDE I”

ANTECEDENTES

Considerando a Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR353B), publicada no DOGA de data de 23 de febreiro de 2024, nº 39.

Considerando o artigo 3.1 da Orde onde se establecen como entidades beneficiarias das devanditas subvencións ás entidades locais.

Considerando indispensable e de máxima urxencia prestar a aprobación da solicitude da subvención do programa de emprego para persoas mozas “Xuventude I”, posto que o prazo remata o 25 de marzo de 2024 antes da vindeira Xunta de Goberno Local, e tendo en conta as competencias atribuídas ao alcalde no artigo 21.1.s da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Considerando que, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o alcalde podería avogar para sí as competencias delegadas atendendo á urxencia de este trámite.

Considerando de interese para o Concello de Rianxo a aprobación do presente convenio con urxencia para poder cumprir os prazos da convocatoria do programa, e sendo competente, tal e como se indicou anteriormente o pleno para a encomenda da xestión, e estimándose preciso acelerar o proceso para a solicitude da correspondente subvención.

Tendo en conta que existe dispoñibilidade orzamentaria para asumir a achega municipal correspondente a este concello.

Á vista do exposto, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 4 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 10 da Lei 40/2015, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avogar en relación á aprobación da solicitude da subvención do programa de emprego

para persoas mozas "Xuventude I", dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal; competencia delegada na Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a execución do programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I" dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, cun orzamento de 414.013,30€, solicitando unha axuda de 408.213,30€ para a realización programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I", dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, e unhas achegas municipais por importe de 5.800,00€, dos cales serán asumidos 2.800,00€ polo Concello de Boiro, 1.500,00€ polo Concello de Rianxo e 1.500,00€ polo Concello da Pobra do Caramiñal; coas seguintes características:

-Duración do programa: 12 meses

-Ámbito de actuación: O Barbanza (Concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo). Actuarase sobre instalacións de propiedade municipal nas que se realizan actividades de interese público coa finalidade de formar a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil.

-Nº de persoas que se vai a atender: 15 persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil.

-Distribución por concellos das persoas participantes:

CONCELLO DE BOIRO	CONCELLO DE RIANXO	CONCELLO DA POBRA
7	4	4

-Orzamento: 414.013,30€

-Subvención solicitada: 408.213,30€

-Cofinanciamento dos Concellos: 5.800,00 €".

TERCEIRO.- Aprobar o proxecto presentado polos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal para o programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I" recollido na memoria explicativa (anexo III).

CUARTO.- Aprobar o convenio de colaboración suscrito entre os Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal para o programa de emprego para persoas mozas "Xuventude I" e aceptar o nomeamento de don José Ramón Romero García como representante legal para todos os efectos oportunos relacionados co convenio en cuestión. O contido do convenio é que segue literalmente:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOIRO, RIANXO E A POBRA DO CARAMIÑAL PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA

XUVENIL "XUVENTUDE I"

ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR332B).

REUNIDOS:

Os alcaldes:

Doutra parte: Don José Ramón Romero García, con DNI nº 33285513M, Alcalde do Concello de Boiro (CIF P1501100J) que actúa en nome de esta entidade.

Dunha parte: Don Julián Bustelo Abuín, con DNI nº 53795465Y, Alcalde do Concello de Rianxo (CIF. P1507300J) que actúa en nome de esta entidade.

Dunha parte: Don José Carlos Vidal Suárez, con DNI nº 33237427N, Alcalde do Concello de A Pobra do Caramiñal (CIF P1506800J) que actúa en nome de esta entidade.

Todos actúan en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 61 da lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

• Que o actual escenario financeiro e a situación socio-laboral dos concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal precisa buscar solucións ao desemprego e ás necesidades formativas do mercado de traballo, especialmente cando se trata do colectivo pertencente e inscrito no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil

2 Que os concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades, nos termos establecidos nas leis 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, establecendo esta última que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade dos veciños.

4. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición como de funcionamento e xestión, que provoca que, en ocasións, a implantación ou o mantemento dos servizos resulte antieconómico ou excesivamente oneroso para a entidade, sendo necesario arbitrar medios para rebaixar esa gravosidade.

5. Que, entre os medios que se poden establecer para poder prestar aos veciños actividades ou servizos que se consideren imprescindibles ou necesarios para mellora nas relacións veciñais destaca a colaboración entre administracións coa fin de poñer en común recursos para ofrecer, igualmente en común, aqueles servizos e actividades. Máis concretamente, a colaboración pode arbitrarse a través do asociacionismo municipal para solicitar subvencións de cara á xestión de servizos compartidos que permitan prestarlle os servizos á cidadanía en condicións de igualdade.

O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos, ou inserirse nos mesmos con carácter previo vinculante ou non á resolución que lles poña fin.

Os citados instrumentos deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes intervinientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, e o prazo de vixencia, debendo publicarse ou non segundo a súa natureza e as persoas ás que estiveran destinadas.

Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.

7. Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten convocada a ORDE o 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR332B), podendo ser beneficiarios os os concellos limítrofes ou que pertencen á mesma comarca aínda que non sexan limítrofes, ou que concorran de forma convenida sen que neste caso lle resulte esixible un número mínimo de persoas desempregadas.

8. Que cada solicitante debe cumprir os requisitos esixidos pola Consellería de Emprego e Igualdade nas bases reguladoras da subvención: ORDE o 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR332B).

8. Que os medios necesarios para que cada un dos concellos asinantes realicen por si sos a

actuacións do programa, dende o inicio da solicitude, na posterior xestión do programa, e ata a súa finalización, resultan antieconómicos e moi gravosos para os intereses dos mesmos, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios, cando se pretende acadar mesma fin, polo que resulta máis eficiente empregar un servizo común.

9. Que os concellos asinantes pretenden acadar a mesma fin, que é a de executar a actuación descrita na Orde. Por iso, en aras dunha maior eficacia administrativa e en aplicación dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan desenvolver a actuación conxunta de posta en práctica do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I".

10. Que os concellos asinantes formalizan o presente convenio para compartir a posta en práctica do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I" ao abeiro da Orde anterior, e cara a facilitar unha posible e real xestión deste servizo municipal que acade unha economía de escala e posibilite o posterior mantemento do servizo.

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar a fin proposta, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.- Os concellos asinantes acordan presentar un programa conxunto para compartir o servizo "programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I" coa fin de solicitar financiamento á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e establecer o réxime de organización e funcionamento asociado.

Segunda.- Obxectivos.- A prestación asociada do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I", baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración e ten como obxectivo principal de formar a persoas mozas de dezoito ou máis anos que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente no Sistema nacional de garantía xuvenil e mellorar a ocupabilidade das persoas participantes mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese social e xeral.

Terceira.- Ámbito de aplicación.- O ámbito territorial é a totalidade dos termos municipais de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, sendo o dos concellos conveniados para o desenvolvemento do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I".

Cuarta.- Sede do servizo.- A sede situarase no concello de Boiro, no Centro de Formación e Viveiro de Empresas do Concello de Boiro, sito no Polígono Industrial de Espiñeira (Boiro).

Quinta.- Representación do servizo.- Os concellos colaboradores designan como representante legal a D. José Ramón Romero García, Alcalde do Concello de Boiro, para os efectos oportunos en relación con este convenio, tales como presentar solicitudes, xustificar a subvención, etc.

Sexta.- Xestión administrativa do servizo.- A xestión administrativa será desenvolvida polo Concello de Boiro en todo o relacionado co persoal, coa contratación administrativa, xestión de axudas, xestión ordinaria etc., sen que isto supoña menoscabo de competencias de cada concello.

Sétima.- Financiamento do servizo.- O proxecto será realizado mediante a seguinte vía de financiamento:

- Solicitude de subvención de 408.213,30€ € de importe máximo establecido pola subvención regulada na ORDE o 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR332B).

- Realización das seguintes achegas municipais para afrontar diversos custos derivados do desenvolvemento da actividade para a que se solicita a subvención:

-Aportación Concello de Boiro: 2.800,00€

-Aportación Concello de Rianxo: 1.500,00€

-Aportación Concello da Pobra do Caramiñal: 1.500,00€ .

Oitava.- Medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo- Os concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal poñerán os medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo dos que dispoñan para levar a cabo o programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil

Novena.- Organización do servizo.- Buscarase que as actuacións se desenvolvan en instalacións dos tres concellos participantes, tendo en conta as particularidades do programa, e requisitos esixibles para proceder á impartición da formación . Poñeranse a disposición do programa locais para un traballo máis próximo e estreito coas participantes.

As obras e servizos obxecto desta subvención desenvolveranse segundo os locais de titularidade municipal indicados no punto 4 do anexo III Memoria, na cal se desenvolve o proxecto segundo se correspondan cos contidos formativos indicados no plan.

Para o reparto de prazas do alumnado participante establécese o seguinte:

-Concello de Boiro: 7 alumnos/as.

-Concello de Rianxo: 4 alumnos/as.

-Concello de A Pobra do Caramiñal: 4 alumnos/as.

Décima.- Vixencia.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o remate do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sitema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I" unha vez se entenda concedida a subvención para a súa execución.

Non se prevé a súa prorroga.

Décimo primeira.- Resolución.- Será motivo de resolución calquera das seguintes causas:

- O incumprimento total ou parcial das cláusulas ou a alteración esencial do seu contido.*
- O transcurso do prazo máximo de vixencia*
- O mutuo acordo entre as partes.*
- A extinción ou non concesión da axuda para o programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil "XUVENTUDE I". Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.*

Décimo segunda.- Natureza Administrativa.- Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose, para os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

Décimo terceira.-Xurisdición competente.- A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a súa natureza administrativa. Porén, as partes comprométense prioritariamente a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir ao executar o presente convenio.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio.

Boiro, asinado dixitalmente

<i>O Alcalde de Boiro</i> <i>José Ramón Romero García</i>	<i>O Alcalde de Rianxo</i> <i>Julián Bustelo Abuín</i>	<i>O alcalde de A Pobra do Caramiñal</i> <i>José Carlos Vidal Suárez</i>
--	---	---

"

QUINTO.- Aceptar o nomeamento de a D. José Ramón Romero García, alcalde do Concello de Boiro, con representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria correspondan á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ante a Consellería de promoción do Emprego e Igualdade.

SEXTO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR353B), publicada no DOGA de data de

23 de febreiro de 2024, nº 39.

SÉTIMO.- Nomear a don José Ramón Romero García, alcalde do Concello de Boiro para todos os actos relacionados coa presente solicitude.

OITAVO.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación á vista do prazo de solicitude da axuda estimase necesario aprobar dito convenio por resolución sendo competencia do pleno a encomenda da xestión”.

SEGUNDO.- Proceder á una nova sinatura do Convenio colaboración subscrito entre os Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal para o programa de emprego para persoas mozas “Xuventude I” incorporando as cantidades correspondentes das que se da conta neste Decreto de corrección de erros.

TERCEIRO.- Dar Conta da presente resolución ao Pleno da Corporación.”

En vista do exposto, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía número 280/2024 de data 25/03/2024, rectificada pola Resolución de Alcaldía número 368/2024 de 24/04/2024, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Remitir o certificado do presente acordo ao alcalde do Concello de Boiro como representante para a xestión do Convenio arriba sinalado

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (4 dos membros do grupo Rianxo en Común, 5 dos membros do grupo PP), catro abstencións (dos 3 membros do grupo PSOE e 1 membro de BNG) cero votos en contra dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

PARTE

DE

CONTROL

3 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/03/2024 ata o 31/03/2024, que comprenden os números 196/2024 ao 291/2024, e que se trasladaron aos

membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta N° 5 da Sesión ordinaria do día 07/03/2024
- Acta n° 6 da Sesión ordinaria do día 21/03/2024

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

4 MOCIÓN DE REXEITAMENTO DO CONCELLO DE RIANXO AO PROXECTO DE INDUSTRIA TEXTIL A BASE DE CELULOSA QUE SE PRETENDE INSTALAR NO CONCELLO DE PALAS DE REI

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN DE REXEITAMENTO DO CONCELLO DE RIANXO AO PROXECTO DE INDUSTRIA TEXTIL A BASE DE CELULOSA QUE SE PRETENDE INSTALAR NO CONCELLO DE PALAS DE REI, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Os abaixo asinantes, na representación que se cita, propoñen aos Grupos Municipais para que presenten ao Pleno da Corporación, para debate e resolución, a seguinte

MOCIÓN

Para amosar o rexeitamento deste Concello ao Proxecto de Industria Téxtil a base de celulosa que se pretende instalar no Concello de Palas de Rei pola súa afección ao medio ambiente do Ulla e da ría de Arousa. E dar o apoio ao sector do mar da na para que se tomen as medidas necesarias para afrontar a situación crítica que padecemos.

O 4 de marzo de 2024 publicábase no Diario Oficial de Galicia un anuncio da CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN a través a Secretaria Xeral de Industria sometendo a

información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas. Dito proxecto foi declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2022, para implantar no concello de Palas de Rei.

Dito proxecto consideramos que afectará gravemente ao patrimonio cultural e natural da comarca da Ulloa e limítrofes. Así mesmo afectará ás augas ao envelenar con compostos químicos e materia orgánica tanto o río Ulla como a ría de Arousa; asemade vai emitir gases contaminantes que estragarán cultivos e afectarán directamente a saúde das persoas e da terra. A implantación desta fábrica repercutirá dun xeito negativo sobre o tecido socioeconómico da bacía hidrográfica e da ría de Arousa, provocando a perda de postos de traballo, a desvalorización das terras e das pymes e favorecendo o despoboamento,

Pretenden instalar dúas factorías: unha para elaborar 400.000 T/ano de CELULOSA solúbel e outra que transformaría a celulosa solúbel en fibra téxtil LYOCCELL, unhas 200.000 T/ano, a só 2 qm do Camiño de Santiago. Polas verteduras que estiman no proxecto, e debido ao estado do encoro de Portodemouros (a 1,5 km do punto de vertido), será unha industria contaminante de augas que requirirá grandes cantidades de auga, enerxía e eucaliptos, ademais do intenso tráfico rodado que virá asociado ao transporte da madeira e do produto.

O proxecto ocupará 366 ha, destruindo hábitats de altísimo valor ecolóxico, incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura, con poboacións de especies protexidas, destacando tres delas, catalogadas en perigo de extinción en Galicia: Armeria merinoi, Santolina melidensis e Leucantheum gallaecicum, endemismos estritos das serpentinas do centro de Galicia.

A eucaliptización será a nova paisaxe da zona centro de Galicia, xa que se precisa dunhas 60.000 ha de eucalipto (4000 ha/ano x 15 anos que tardan de promedio en medrar). Estas árbores consumen unha elevada cantidade de auga (20 veces máis que carballos ou castiñeiros) e son especies pirófitas, razón suficiente para a prohibición das novas plantacións en Portugal, despois dos gravísimos incendios forestais do 2017 onde perderon a vida decenas de persoas.

A solicitude de concesión de augas (75 anos) para a captación de auga é de 640 l/seg (máis de 46 millóns de litros diarios). Isto é, superior á cantidade (630 l/seg) que o proxecto de Augas de Galicia impulsa para mellorar a captación en Padrón para abastecer ás 93.000 persoas das marxes da ría de Arousa.

Sendo o consumo promedio de auga en Galicia de 130l/habitante/día, Greenfiber empregará a mesma cantidade que 353.850 habitantes/día, cantidade superior á que consumen os habitantes da provincia de Lugo nun día. Isto nun escenario de cambio climático e de secas cada vez máis frecuentes. Hai que salientar que máis do 65% da auga que toman do encoro volverá ao río contaminada con químicos e materia orgánica, deteriorando aínda máis a calidade da auga ao longo do río Ulla. A calidade da auga que vai chegar á ría de Arousa será claramente menor:

menos auga e máis contaminación. Isto vai afectar dun xeito radical á biodiversidade e produtividade de mariscos da ría de Arousa.

Sobre todo neste momento crucial no que hai menos nordés e menos afloramento o que significa menor renovación das augas da ría e maior debilidade do marisco. Unha ría que é fonte de riqueza e de emprego para milleiros de persoas reais (nas conserveiras, no marisqueo, na acuicultura, na pesca artesanal) e que non podemos nin queremos prexudicar.

Esta fábrica será unha macrocelulosa de produción non sostible, depredadora dos nosos recursos e que consumirá e degradará un ben esencial para a nosa vida: a auga. Asemade destruirá áreas de excepcional valor ecolóxico producindo un grande impacto na área central de Galicia e na ría de Arousa.

Ante o crítico rëtroceso produtivo da Ría de Arousa dos últimos anos, o que precisa o sector do mar son medidas estruturais que garantan a calidade das augas do medio mariño:

- 1.- Plan de rexeneración dos bancos marisqueiros
- 2.- Plan de saneamento integral dana
- 3.- Cambio na normativa de augas que obrigue á regulación e publicidade do protocolo dos desencoros
- 4.- Plan de control das verteduras a ríos e rías,

E, asemade medidas socioeconómicas ata que se recupere a actividade:

- 1.- Exención das cotas da Seguridade Social por parte do Estado para todas as mariscadoras/es.

E con cargo aos fondos da Xunta de Galicia:

- 2.- Axudas directas do SMI a todas as mariscadoras/es e compatibles coa rexeneración dos bancos marisqueiros.
- 3.- Axudas directas a toda a cadea do sector do mexillón polas perdas dos exercicios 2022 e 23: produtores, cocedeiros, depuradoras e fábricas de conserva.
- 4.- Axudas directas ás Confrarías con actividade marisqueira para manter os postos de traballo.
- 5.- Axudas a sectores indirectamente afectados como os comercializadores de marisco (autónomos) entre lonxas e depuradoras que traballan por comisión por Kg e aos traballadores de depuradoras e transformadoras.

Polo exposto solicitarnos ao pleno da Corporación Municipal adopte os seguintes

ACORDOS

1. Amosar á Xunta de Galicia o REXEITAMENTO do proxecto para a implementación da industria de celulosa e de fibra textil e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L.
2. Instar a unha declaración negativa, para a NON autorización ambiental integrada (AAI), así como do Estudo de impacto ambiental (EIA).
3. Demandar a NON declaración de utilidade pública .
4. Impulsar as alegacións deste Concello e doutros colectivos e persoas e dirixilas á Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia antes do 17 de abril.
5. Reclamar ao Delegado do Goberno en Galicia a exención das cotas da Seguridade Social por parte do Estado para todas as mariscadoras/es mentres non se volva á actividade e que o Goberno central actúe para impedir o uso dos fondos europeos para o proxecto da celulosa de Greenfiber SL no río Ulla.
6. Reclamarlle ao Conselleiro de Pesca con cargo aos fondos da Xunta de Galicia: axudas directas do SMI a todas as mariscadoras/es e compatibles coa rexeneración dos bancos marisqueiros ata que se recupere a actividade; axudas directas á cadea do sector do mexillón polas perdas dos exercicios 2022 e 23; axudas directas ás Confrarías con actividade marisqueira para manter os postos de traballo e axudas aos comercializadores e traballadores de depuradoras e transformadores.
7. Reclamarlle ao Presidente da Xunta de Galicia un plan integral para a ría de Arousa (con financiación: Xunta/Estado/UE) que inclúa: rexeneración dos bancos marisqueiros, saneamento integral, control das verteduras e regulación e publicidade do protocolo dos desencoros.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

**5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE DO PASEO
MARÍTIMO DE RIANXO**

Dende a secretaria municipal advertimos que o acordo que se propón a través desta moción, debería ser formulado como un rogo, ao amparo do establecido no artigo 97 do ROF, polo que non debería procederse á súa votación

No caso de que o mesmo prospere, e teña consecuencias xurídicas ou económicas para o concello, debería incoarse expediente de revisión de oficio, ao amparo do establecido nos artigos 47 e 106 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

O señor Alcalde indica que se presentou unha emenda da moción ditaminada na COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/04/2024. que se transcribe a continuación:

MOCIÓN: MOCIÓN MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE DO PASEO MARÍTIMO DE RIANXO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Paseo Marítimo de Rianxo é un espazo emblemático e vital para a nosa comunidade, que ofrece un entorno privilexiado para o disfrute de residentes e visitantes. Con todo, nos últimos tempos, evidenciouse a necesidade urxente de mellorar as condicións de seguridade nesta área, particularmente no que respecta ao pavimento, as barandas do ponte e as táboas do mesmo.

Estado Actual da Seguridade

O pavimento do Paseo Marítimo de Rianxo presenta irregularidades e desgastes que representan un risco para os transeúntes, especialmente para aqueles que poidan ter mobilidade reducida ou para os nenos que disfrutan deste espazo recreativo. Así mesmo, as barandas do ponte están nun estado que non garante a seguridade necesaria, podendo representar un perigo de caída dende una altura considerable, supoñendo un risco maior para as persoas que por alí transitan a diario. Por outro lado, as táboas do ponte presentan deterioro e falta de mantemento, o que aumenta o risco de accidentes, estando ademáis colocadas nun sentido que non garanta igualmente a seguridade provocando riscos graves de caídas.

A xustificación da Moción vai referida á seguridade dos nosos cidadáns e visitantes. Esta é unha prioridade fundamental para o benestar da nosa veciñanza. Por iso, é imperativo abordar estas deficiencias no Paseo Marítimo de Rianxo para evitar posibles incidentes que poderían evitarse con medidas adecuadas. A falta de mantemento e renovación destas infraestruturas compromete a integridade física de quen frecuentan este espazo público.

Á vista do anteriormente exposto, propoñemos a execución das seguintes accións:

- 1.- Renovación do Pavimento: Débese proceder á renovación completa do pavimento do Paseo

Marítimo, asegurando que cumpra cos estándares de seguridade necesarios e proporcionando unha superficie uniforme e segura para os peóns.

2.- Substitución de Barandas do Ponte: As barandas do ponte deben ser substituídas por outras que cumpran cos normativas de seguridade vixentes, garantindo así a protección adecuada dos transeúntes.

3.- Mantemento e Substitución de Táboas do Ponte: É necesario realizar un mantemento exhaustivo do ponte, incluíndo a substitución das táboas en mal estado por outras novas e resistentes, co fin de garantir a seguridade de quen transitan por el.

4.- Supervisión Continua e Mantemento Regular: Unha vez realizadas estas melloras, é crucial establecer un programa de supervisión continua e mantemento regular para asegurar que as infraestruturas se manteñan en óptimas condicións de seguridade ao longo do tempo.

A implementación destas medidas non só mellorará a seguridade do Paseo Marítimo de Rianxo, senón que tamén contribuirá a promover a calidade de vida dos nosos cidadáns e a fomentar o turismo na nosa localidade. Un entorno seguro e ben mantido é un activo invaluable para o desenvolvemento e a reputación da nosa comunidade.

¡Queremos un Paseo Marítimo seguro e accesible para todos!

Polo tanto, proponse os seguintes acordos:

- Instar a Costas do Estado a acometer as obras necesarias para subsanar as deficiencias da ponte do paseo marítimo o seu paso polo río Té en materia de seguridade e materiais.
- Instar ó Concello de Rianxo a que elabore un plan de mantemento, periodificado e programado ó longo da actual lexislatura sobre o firme do paseo marítimo e destine os recursos necesarios (proprios ou mediante achega doutras administración) a cambiar o firme do paseo, establecendo as acción programáticas necesarias en base ós recursos dispoñibles e aprevisión de execución de determine o Grupo de Goberno. (cambiar o tramo que dispón de lousas de pedra) garantindo un espazo seguro e accesible.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Sometida a **votación a** moción ditaminada na COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/04/2024, coa **EMENDA** transcrita. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR O SEGUINTE ACORDO:**

- Instar a Costas do Estado a acometer as obras necesarias para subsanar as deficiencias da ponte do paseo marítimo o seu paso polo río Té en materia de seguridade e

materiais.

- Instar ó Concello de Rianxo a que elabore un plan de mantemento, periodificado e programado ó longo da actual lexislatura sobre o firme do paseo marítimo e destine os recursos necesarios (proprios ou mediante achega doutras administración) a cambiar o firme do paseo, establecendo as acción programáticas necesarias en base ós recursos dispoñibles e aprevisión de execución de determine o Grupo de Goberno. (cambiar o tramo que dispón de lousas de pedra) garantindo un espazo seguro e accesible.

6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: BONIFICACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO PARA MAIORES DE 65 ANOS OU PERSOAS XUBILADAS

Dende a secretaria municipal advertimos que o acordo que se propón a través desta moción, debería ser formulado como un rogo, ao amparo do establecido no artigo 97 do ROF, polo que non debería procederse á súa votación

No caso de que o mesmo prospere, e teña consecuencias xurídicas ou económicas para o Concello, debería incoarse expediente de revisión de oficio, ao amparo do establecido nos artigos 47 e 106 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

O señor Alcalde indica que se presentou unha emenda da moción ditaminada na COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/04/2024. que se transcribe a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Considerando que a poboación maior de 65 anos constitúe unha parte importante da demografía galega e contribuíu ao desenvolvemento económico, social e cultural da nosa comarca ao longo da súa vida; e recoñecendo a importancia do acceso ao transporte público como compoñente fundamental para a mobilidade e a calidade de vida das persoas maiores, permitindo a súa participación activa na sociedade, o acceso a servizos esenciais e o mantemento das conexións sociais; e observando que moitos xubilados e pensionistas, pola súa situación económica e o lugar onde viven, afrontan dificultades para cubrir moitas veces os gastos do transporte público o que pode limitar a súa capacidade de acceso aos servizos médicos, actividades recreativas, faladoiros e outros aspectos vitais para o seu benestar.

Debemos ser conscientes da necesidade de implantar medidas que fomenten a inclusión e o benestar dos cidadáns xóvenes e maiores, así como que garantan o respecto dos seus dereitos fundamentais, incluído o acceso a un transporte público e de calidade, valorando a disposición das rutas actuais, e facendo un replantexamento do sistema de bonificación aplicado actualmente, xa que coas estimacións de datos dos que dispoñemos é posible facer outro plantexamento que repercuta de forma directa na veciñanza.

Para iso é determinante aplicar descontos significativos nas tarifas do transporte público: establecerase un sistema de descontos significativos ou tarifas reducidas para os colectivos antes mencionados en todos os servizos de transporte público de autobuses que opera en Rianxo, mediante a contratación de bonos mensuais a prezos reducidos.

Debemos garantir que o bono de transporte público sexa de fácil acceso e ampla difusión, mediante campañas informativas en diversos medios e mediante a difusión de información detallada.

Debemos garantir a amplificación de liñas de autobús de tarde e optimizar as existentes mediante sistemas de reserva, e facer coincidir estas liñas con necesidades reais e cunha valoración de servizos reais.

Estableceranse mecanismos de seguimento e avaliación para controlar o impacto do bono de transporte público para as persoas maiores, co fin de realizar os axustes necesarios e garantir a súa eficacia a longo prazo, así como para informar á cidadanía dos resultados obtidos.

Queremos mellorar a calidade de vida da cidadanía maior e promover unha sociedade máis inclusiva e solidaria.

Polo tanto, proponse os seguintes acordos:

- Instar ó Goberno de Xulián Bustelo a revisar a política de bonificación de transporte público facendo espacial fincapé nos colectivos de xóvenes de entre 16 e 25 anos e maiores de 65 anos.
- Establecer un convenio co Servizo de Taxis para abaratar o custe das viaxes ó centro de Saúde de Rianxo.
- Instar a Xunta de Galicia a ampliar a Tarifa de +65 anos + a tarxeta Xente nova Para o servizos de autobuses urbano do noso Concello.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Sometida a **votación a** moción ditaminada na COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/04/2024, coa **EMENDA** transcrita. O pleno da corporación, ACORDA por 8 votos a favor (4 dos membros do grupo municipal PSOE e 4 dos membros do grupo municipal Rianxo en común) 6 abstencións (5 dos membros do grupo municipal PP e 1 membro do grupo municipal BNG) dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR O SEGUINTE ACORDO:**

- Instar ó Goberno de Xulián Bustelo a revisar a política de bonificación de transporte público facendo espacial fincapé nos colectivos de xóvenes de entre 16 e 25 anos e maiores de 65 anos.

- Establecer un convenio co Servizo de Taxis para abaratar o custe das viaxes ó centro de Saúde de Rianxo.
- Instar a Xunta de Galicia a ampliar a Tarifa de +65 anos + a tarxeta Xente nova Para o servizos de autobuses urbano do noso Concello.

7 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: CREACIÓN DUN PACTO LOCAL NO COMERCIO

O señor Alcalde indica que se presentou unha emenda da moción ditaminada na COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/04/2024. que se transcribe a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Introdución:

O comercio local é un elemento vital da economía de Rianxo, xerando emprego, dinamizando a actividade económica e contribuíndo á identidade e ao tecido social do municipio. Sen embargo, enfróntase a diversos desafíos como a competencia de grandes cadeas e o impacto da dixitalización. Por iso, propoñemos a creación dun Pacto Local no Comercio, que promova a colaboración entre o sector público, privado e a comunidade, para fortalecer e revitalizar o comercio local.

Obxectivos:

- 1 Impulsar o desenvolvemento económico sostible do municipio a través do fortalecemento do comercio local.
- 2 Fomentar a competitividade e a innovación nos comercios locais, adaptándoos ás novas tendencias do mercado.
- 3 Promover a creación de emprego e a retención do talento local no sector comercial.
- 4 Mellorar a experiencia de compra dos consumidores, garantindo a calidade do servizo e a diversidade de oferta.
- 5 Potenciar a promoción do comercio local, tanto a nivel local como turístico, resaltando a súa identidade e singularidade.

Accións propostas:

- Crear un grupo de traballo interdisciplinario integrado por representantes do grupos

Municipais, asociacións de comerciantes, empresarios, sectores productivos etc e outros actores relevantes, para elaborar un plan estratéxico de desenvolvemento do comercio local.

- Realizar un diagnóstico do estado actual do comercio no municipio, identificando fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas.
- Establecer medidas de apoio e estímulo para os comercios locais, tales como incentivos/bonificacións fiscais, acceso a financiamento, programas de formación e capacitación, e apoio na dixitalización das súas operacións.
- Promover a colaboración entre os comercios locais, mediante a creación de redes de cooperación e a organización de eventos e actividades conxuntas.
- Diseñar e implementar unha estratexia de promoción do comercio local, que inclúa campañas de marketing, eventos culturais e turísticos, e a creación dunha plataforma dixital que promova os comercios locais e facilite a interacción cos consumidores.

Conclusións:

A creación dun Pacto Local no Comercio no municipio de Rianxo representa unha oportunidade única para fortalecer e dinamizar o comercio local, contribuíndo ao desenvolvemento económico e social. Convidamos a todas as forzas políticas, empresariais e sociais a sumarse a esta iniciativa e traballar xuntos por un futuro próspero e sostible para o noso municipio.

Polo tanto, propónse os seguintes acordos, polo que instamos ó Goberno de Rianxo:

- Impulsar a creación do Pacto Local de Comercio de Rianxo, co obxectivo de reforzar o sector comercial e promover o desenvolvemento económico do municipio.
- Invitar a participar na elaboración deste pacto aos comerciantes, ás asociacións empresariais, aos representantes dos distintos sectores comerciais, así como a outras entidades públicas e privadas con interese no comercio local.
- Invitar a participar na elaboración deste pacto aos comerciantes, ás asociacións empresariais, aos representantes dos distintos sectores comerciais, así como a outras entidades públicas e privadas con interese no comercio local.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Sometida a **votación** a moción ditaminada na COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO,

MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/04/2024, coa **EMENDA** transcrita. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR O SEGUINTE ACORDO:**

- Impulsar a creación do Pacto Local de Comercio de Rianxo, co obxectivo de reforzar o sector comercial e promover o desenvolvemento económico do municipio.
- Invitar a participar na elaboración deste pacto aos comerciantes, ás asociacións empresariais, aos representantes dos distintos sectores comerciais, así como a outras entidades públicas e privadas con interese no comercio local.
- Invitar a participar na elaboración deste pacto aos comerciantes, ás asociacións empresariais, aos representantes dos distintos sectores comerciais, así como a outras entidades públicas e privadas con interese no comercio local.

8 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE O MAR FEITO TRADICIÓN: REVITALIZACIÓN DA IDENTIDADE MARÍTIMA EN RIANXO

Dende a secretaria municipal advertimos que o acordo que se propón a través desta moción, debería ser formulado como un rogo, ao amparo do establecido no artigo 97 do ROF, polo que non debería procederse á súa votación

No caso de que o mesmo prospere, e teña consecuencias xurídicas ou económicas para o Concello, debería incoarse expediente de revisión de oficio, ao amparo do establecido nos artigos 47 e 106 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

O señor Alcalde indica que se presentou unha emenda da moción ditaminada na COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/04/2024. que se transcribe a continuación:

Proxecto "O Mar Feito Tradición: Revitalización da Identidade Marítima en Rianxo"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un proxecto político centrado en "O Mar Feito Tradición" en Rianxo podería ter como obxectivo principal impulsar o desenvolvemento económico e cultural da localidade a través da valorización e promoción das súas tradicións marítimas, e nos permitiría seguir un proxecto que a día de hoxe está desvirtuado, e que remarcaría o interese de Rianxo como vila Mariñeira, como vila cultural mariñeira.

"O Mar Feito Tradición" debe ser un proxecto que pretenda promover e preservar as tradicións mariñeiras de Rianxo. Un proxecto que busca rescatar e dinamizar prácticas culturais e coñecementos ancestrais relacionados co mar, como a pesca artesanal, a construción de embarcacións tradicionais,

as técnicas de navegación, a gastronomía mariñeira, e as músicas e bailes populares vinculados ao mar.

Obxectivos:

Promover a preservación cultural: Rescatar, preservar e promover as tradicións mariñas de Rianxo, incluíndo a pesca artesanal, a defensa da construción naval tradicional, a gastronomía mariña e a música folclórica relacionada co mar.

Estimular o desenvolvemento económico sostible: Impulsar a economía local a través do turismo cultural e mariño, xerando oportunidades de emprego e fomentando a creación de empresas relacionadas coas actividades mariñas.

Fomentar a participación da veciñanza: Involucrar á comunidade educativa, ó tecido asociativo, comercial e industrial incluíndo pescadores, artesáns, restauradores, artistas etc, na planificación, execución e promoción do proxecto.

Conservar o medio ambiente mariño: Promover prácticas de pesca sostible e concienciar sobre a importancia de conservar os recursos mariños e o ecosistema costeiro de Rianxo, e establecer os mecanismos necesarios para conseguir un saneamento integral da nosa ría.

Accións propostas:

Potenciar a Aula activa do Mar, dotando de novos usos, e incluso valorando una nova ubicación.

Organización de festivais e eventos culturais: é una forma de canalizar as actividades que se xa se veñen facendo en Rianxo, e dotalas de visibilidade e repercusión en medios, e tratar de involucrar a diferentes sectores. Realizar festivais anuais dedicados, potenciar as regatas de embarcacións tradicionais, mostras gastronómicas de produtos do mar, concertos de música folclórica e representacións teatrais.

Promoción da gastronomía mariña: Impulsar a oferta gastronómica local mediante a creación de rutas gastronómicas que destaquen os pratos típicos da cociña mariña de Rianxo, así como a organización de talleres de cociña e catas de produtos do mar. Potenciar a marca Xouba de Rianxo, e potenciar “o Bou de Vara de Rianxo”.

Apoio á formación: Ofrecer cursos e talleres de formación en oficios tradicionais relacionados co mar, como a carpintería naval, a pesca artesanal e a elaboración de redes, co fin de preservar e transmitir estes coñecementos ás futuras xeracións.

Mellora das infraestruturas : Investir na mellora na sinalización turística de lugares de interese relacionados coa historia mariña da zona, e potenciar a creación dun paseo marítimo integral na nosa costa, co aproveitamento dos caminos xa existentes que van pola costa.

Avaliación e seguimento:

Establecer indicadores de seguimento para avaliar o impacto do proxecto en termos de participación, desenvolvemento económico, conservación do patrimonio cultural e sostibilidade ambiental. Realizar avaliacións periódicas para axustar as accións segundo as necesidades e os resultados obtidos.

Este proxecto ten como obxectivo non só preservar as tradicións mariñas de Rianxo, senón tamén revitalizar a identidade cultural da localidade e promover un desenvolvemento económico sostible baseado no respecto e na valoración do entorno mariño.

Polo tanto, propónse ó pleno de Rianxo os seguintes **acordos**:

- 1.- Impulsar a creación dun comité interdisciplinario integrado por representantes do concello, sectores locais, asociacións culturais e outros actores relevantes, para coordinar e executar accións relacionadas co proxecto "O Mar Feito Tradición".
- 2.- Destinar recursos loxísticos para a organización de actividades e eventos que promovan as tradicións mariñas, como festivais culturais, feiras gastronómicas, obradoiros de artesanía mariña, entre outros.
- 3.- Establecer convenios de colaboración con institucións educativas e centros de formación para ofrecer programas de educación e capacitación en temas relacionados co mar e as tradicións mariñas, dirixidos tanto á poboación local como a visitantes interesados en aprender sobre a nosa cultura mariña.
- 4.- Promover a participación activa da veciñanza na conservación e revitalización das nosas tradicións mariñas, fomentando a implicación dos veciños na organización de actividades e na preservación do patrimonio cultural relacionado co mar.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Sometida a **votación a** moción ditaminada na COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/04/2024, coa **EMENDA** transcrita. O pleno da corporación, ACORDA por 13 votos a favor (4 membros do grupo municipal PSOE, 5 membros do grupo municipal PP e 4 membros do grupo municipal Rianxo en Común) unha abstención do membro do grupo municipal BNG e cero abstencións dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR O SEGUINTE ACORDO**:

- 1.- Impulsar a creación dun comité interdisciplinario integrado por representantes do concello, sectores locais, asociacións culturais e outros actores relevantes, para coordinar e executar accións relacionadas co proxecto "O Mar Feito Tradición".
- 2.- Destinar recursos loxísticos para a organización de actividades e eventos que promovan as tradicións mariñas, como festivais culturais, feiras gastronómicas, obradoiros de artesanía mariña, entre outros.
- 3.- Establecer convenios de colaboración con institucións educativas e centros de formación para ofrecer programas de educación e capacitación en temas relacionados co mar e as tradicións mariñas, dirixidos tanto á poboación local como a visitantes interesados en aprender sobre a nosa cultura mariña.

4.- Promover a participación activa da veciñanza na conservación e revitalización das nosas tradicións mariñas, fomentando a implicación dos veciños na organización de actividades e na preservación do patrimonio cultural relacionado co mar.

9 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse conta da Moción

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país.

Na dita lei establécese que as Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe, correspondéndolle ao Estado e ás Comunidades Autónomas establecer os pertinentes Convenios que establecerán o financiamento que corresponda a cada Administración, e que estes Convenios recollerán as achegas do Estado derivadas da garantía do nivel de protección.

Polo tanto, a competencia anunciadora do sistema é do Estado e da Xunta de Galicia e os Concellos son os que teñen a competencia na prestación do servizo.

Pero a realidade é ben distinta, vemos como Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas uns anos.

A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.

A Xunta limítase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, increméntase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que se encarece ano tras ano, especialmente nos concellos máis rurais e máis avellentados, que casualmente son os que dispoñen de menos recursos económicos.

A maiores, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen provocado un aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito achega algunha tendente a, dunha vez por todas cumprir coa súa obriga competencial de financiamento do servizo e as paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos e que non lles corresponden.

Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Deste xeito, na actualidade atopámosnos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.

A situación actual é que o custe dunha hora de Servizo de Axuda no Fogar supón a día de hoxe entre 22 e 24 euros, dos que a Xunta, contando coas achegas económicas que lle fai o Estado para este servizo achega 12 euros; mentres que os concellos e os usuarios achegan o resto (entre 10 e 12 euros) cos seus fondos propios.

Isto, sumado a que o SAF é un servizo cada vez máis demandado debido ao envellecemento da poboación, produce que os municipios teñan que asumir importantes cargas económicas, que se incrementan ano a ano e hipotecan o seu futuro económico. En moitos concellos, o SAF supón xa un de cada tres euros dos que dispoñen os concellos para gastos correntes. Esta situación vese agravada coa nova lexislación estatal que reduce a parte do copagamento que deben asumir os usuarios do servizo de Axuda no Fogar para que sexa asumida pola administración. Unha medida social coa que estamos de acordo, pero o que non podemos aceptar é que este incremento do gasto se volva a repercutir unha vez máis nos concellos. A Xunta é quen ten as competencias e é quen debe asumir ese incremento do gasto.

Se contrapoñemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3

millóns de euros:

Ano 2022: 50,3 millóns de euros

Ano 2023: 47,4 millóns de euros

Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, pasando dos 51,3 millóns de euros no ano 2022 aos 65,2 millóns de euros no ano 2023, e incluso recibiu importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do "Plan de Choque de la Dependencia" do Goberno de España. :

En resumo, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa achega, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falla de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

Cabe recordar a maiores que o Fondo de Cooperación Local da Xunta leva unha década conxelado, o que sumado a asunción por parte dos Concellos no financiamento de competencias impropias, está a facer perigar a sustentabilidade económica dos servizos públicos no futuro.

Polo tanto, estamos no momento de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos, polo que dende o Grupo Municipal do PSdeG no Concello de Rianxo propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo insta á Xunta de Galicia a:

1. Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asumen os Concellos de Galicia.
2. Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.
3. Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.
4. Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (1 membro do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 4 membros do grupo Rianxo en Común), cinco votos en contra (dos 5 membros do grupo PP) e cero abstención (da concelleira do grupo) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

10 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR: ESTADO DAS FONTES DO PARQUE GALICIA

Dende a secretaria municipal advertimos que o acordo que se propón a través desta moción, debería ser formulado como un rogo, ao amparo do establecido no artigo 97 do ROF, polo que non debería procederse á súa votación

No caso de que o mesmo prospere, e teña consecuencias xurídicas ou económicas para o Concello, debería incoarse expediente de revisión de oficio, ao amparo do establecido nos artigos 47 e 106 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR: ESTADO DAS FONTES DO PARQUE GALICIA, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Partido Popular de RIANXO conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

Polo estado de abandono e compromiso electoral, o grupo do Partido Popular de Rianxo propón levar esta moción POLO ESTADO DE ABANDONO, INUTILIZACIÓN E FALLA DE PROMOCIÓN DESTA INSTALACIÓN.

ANTECEDENTES

Ante a diversas queixas cidadáns recibidas por esta agrupación do estado no que se atopan as fontes do Parque Galicia, queremos trasladar esta queixa para unha solución.

Dende que estas fontes foran deseñadas, executadas e postas a disposición do axuntamento, foron moi escasas as veces que estiveron funcionando. Ben e certo que no seu día estes chorros de Auga-Luz causaron admiración pero esta falta de uso levou ó seu deterioro e tras varias reformas e modificacións seguen sen estar operativas ó 100%.

Xa pensando cara ó verán, para engalamento do pobo e disfrute dos nosos veciños, creemos que é interesante e urxente o seu acondicionamento e posta en marcha total dunhas instalacións que xa temos.

Por todo o exposto, trasladamos a pleno a adopción destas medidas:

1. Que se proceda ao estudo para acondicionamento destas instalacións.
2. Poñelas fontes ornamentais a funcionar e si se considera oportuno, establecer un horario para o regulamento do seu uso e actividade.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (5 dos membros do grupo municipal PP e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e 5 abstencións (4 do grupo municipal PSOE e 1 do grupo municipal BNG) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

11 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP: ESTADO DAS ENTRADAS PEONIS Ó COLEXIO ANA MARÍA DIEGUEZ DA ASADOS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a11 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP: ESTADO DAS ENTRADAS PEONIS Ó COLEXIO ANA MARÍA DIEGUEZ DA ASADOS, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Partido Popular de RIANXO conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

Por seguridade, hixiene, limpeza, saúde, accesibilidade, peticións da ANPA, responsabilidade e compromiso electoral na mellora das entradas peonís do Colexio Ana Ma Dieguez de Asados, o grupo do Partido Popular de Rianxo propón levar esta moción para levar a cabo unha serie de melloras que solucionen os problemas antes sinalados.

ANTECEDENTES

Na entrada principal ó recinto do Colexio atópanse, a escasa distancia da marquesiña así coma

da entrada, una serie de contedores nos que son depositados dende plásticos, cartón ata residuos orgánicos que poden producir una falla de salubridade, cheiros, etc., por onde teñen que pasar a diario mestres, pais e alumnos do colexio.

Consideramos que una avaliación da zona que se describe, podería axudar a que esta serie de contedores sexan cambiados de ubicación a unha zona próxima (Espazo hai mais que de sobra) que evite o descrito no párrafo anterior. Unha vez trasladados pódese adecentar a zona de entrada e de espera dos nenos, etc.

Ten o colexio tamén unha entrada lateral (na pista que vai a revolta) que e aproveitada polos pais para cando fai mal tempo, acercar os coches e que poidan baixar os alumnos cerca da entrada a pista polideportiva e así entrar por ela ó colexio, permitindo que esta pequena distancia se faga rápido e se eviten así molladuras que terían que soportar os rapaces durante o horario escolar. O problema e que nestes dias ó tráfico e intenso e as esperas retrasan a entrada e a solución quédase escasa polos atascos, pola espera ou `pola “descarga” dos nenos lexos da porta que se indica.

Para darlle unha utilidade correcta a esta entrada teriamos a lo menos dúas opcións das que solicitamos avaliación para achegarnos unha solución técnica:

- a) Poñer dirección única, de entrada por onda o colexio e saída pola Revolta, a lo menos nas datas e horarios escolares para que permita fluidez no trafico e as paradas sexan de pouca duración.
- b) Preparación e asfaltado do vial (para aproveitar a súa anchura total) e así podería seguir a circulación nos dous sentidos.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión de salubridade instamos ó goberno da corporación municipal a adopción destas medidas:

1.- Solicitar informe técnico para levar a cabo os traballos que se sinalan.

- Cambio dos contedores a outro emprazamento
- Adecentamento da zoa da marquesiña e da porta de entra de peóns.
- Aparcadoiro de bicis.
- Accesibilidade para cadeiras de rodas.
- Valoración da colocación das sinales de dirección prohibida e sinalización de datas e horarios. Para facilitar a entrada lateral.

2.- Remisión dese informe a toda a corporación.

3.- Execución dun plan de acción de subsanación de desperfectos, nova dotación de elementos, instando ó goberno municipal, a valoración de partida económica para execución durante o ano 2024.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 13 votos a favor (5 dos membros do grupo PP, 4 dos membros do grupo PSOE e 4 do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e unha abstención (do concelleiro do grupo BNG) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

12 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

9a6e3300a7804de7f09f56e1e444eb36d3d8add1f58ad2a0e7cb0211c8731335

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=O-05EoSo0_c